

No salón de actos do IES do Milladoiro, ás 18:30 horas do día 11 de maio de 2017, reúnen-se, en segunda convocatoria, os asistentes ao Pleno do Consello Escolar Municipal de Ames, estando presentes as seguintes persoas:

Don David Santomil Mosquera, titular da Concellería de Educación e Cultura do Concello de Ames

Don Domingo Antonio Alborés Alborés, funcionario do Concello de Ames

Dona M<sup>a</sup> Carmen Liñares Liñares, profesora do CEIP Agro do Muíño

Dona M<sup>a</sup> Paz Peña Villamide, profesora do IES de Ames

Dona Marta Michelena Rouco, profesora do IES do Milladoiro

Don Diego Pérez Castro, profesor proposto polo STEG

Dona M<sup>a</sup> Teresa Brea González, profesora do Colexio Alca

Dona Beatriz Dorado Martínez-Romillo, profesora do Colexio Alca

Dona M<sup>a</sup> Esther Emilia Souto Cambre, profesora do Colexio Alca

Dona Edelmira Riero Romero, profesora do Colexio Alca

Don Sabino López Pertierra, da ANPA da EEI do Milladoiro

Don Manuel Veiga Figueroa, da ANPA da Galiña Azul do Milladoiro

Dona Beatriz López Orgales, da ANPA do CEIP de Barouta

Dona Isabel Varella Rodríguez, da ANPA do CEP de Ventín

Don Claudio Rodiño Caramés, da ANPA do IES de Ames

Dona Marina Castro Cerceda, da ANPA do IES de Milladoiro, ANPAMILLA

Don Thiago Augusto Canedo Álvarez, alumno do IES de Ames

Don Javier Rouco Almuíña, alumno do IES de Ames

Dona Sandra Dios Suárez, directora da Escola Infantil Municipal A Madalena do Milladoiro

Don Ramón Pérez Rey, director do CEIP Agro do Muíño

Don Alonso Barreiro Caxade, director do CEIP de Barouta

Dona Isabel Abelleira Bardanca, directora do CEIP a Maía

Dona Ángeles Ferrón Novais, directora da EEI Milladoiro

Don Fausto Varela Durán, director do Colexio Alca

Don Víctor Santidrián Arias, director do IES Milladoiro

Dona M<sup>a</sup> Carmen García Rodríguez, inspectora de educación da Xunta de Galicia

Dona María Oliva Agra Costoia, concelleira do P.P., en calidade de invitada.

Dona María González Gómez, concelleira de PxA, en calidade de invitada.

Dona Genma Otero Uhía, concelleira de Contigo Pódese, en calidade de invitada.

Dona Ana María Seijas Baranauskas, auxiliar administrativo do grupo Municipal Iniciativa Cidadá - Ames Novo, en calidade de invitada.

Non asisten, pero desculpan a súa ausencia, dona Marisol Louro Lestón, directora do IES Ames e dona Yarishell Sotelo Domínguez, alumna de 1º de bacharelato do IES do Milladoiro.

## **ORDE DO DÍA:**

### **1. Constitución inicial do Consello Escolar Municipal**

#### a) Debate:

Polo titular da Concellaría de Educación e Cultura, don David Santomil Mosquera, anúnciase que unha vez comprobada a existencia de quórum para a celebración da sesión, ao superarse a presenza do terzo dos vogais requiridos en segunda convocatoria, procede ao inicio da mesma.

Manifesta que segundo o establece o propio Regulamento, aprobado definitivamente en xullo do ano 2016, procede á constitución inicial do Pleno e que, conforme estipula o artigo 3º, deberá estar composto por un presidente que será o alcalde ou membro da corporación en quen delegue, 31 vogais elixidos polos distintos estamentos e un secretario/a.

Para este último cargo anuncia que o Concello de Ames propón a don Domingo A. Alborés Alborés, funcionario do Departamento de Educación e Cultura, pero que deberá ser elixido polo Pleno con posterioridade á súa constitución.

A continuación o concelleiro delegado pasa a dar lectura a todos os nomeamentos feitos para cargos que conformarán o Pleno, dando conta así mesmo das invitacións feitas aos membros da Corporación Municipal, grupos políticos con representación e comunidade educativa, para que poidan participar con voz e sen voto nas sesións, conforme establece o regulamento.

Rematada a constitución do Pleno, co nomeamento por votación do secretario e a

comprobación de que están presentes a maioría absoluta requirida, o Presidente informa que procede a establecer a periodicidade de vindeiras convocatorias. Di que o regulamento contempla a convocatoria de dous plenos ordinarios, un cada semestre coincidindo co inicio e o remate do curso escolar, e propón que, considerando este de hoxe como o de constitución, se convoque o seguinte no principio do vindeiro curso 2017/18, aproximadamente cara o mes de outubro, e outro a finais dese curso; ambos de xeito ordinario e con independencia das posibles convocatorias doutros plenos extraordinarios que se convocarían conforme aos criterios establecidos no regulamento.

Finalmente, expón que tamén procede no pleno de hoxe constituír a Comisión Permanente, que deberá reunirse antes de cada Pleno Ordinario e, polo tanto, cun mínimo de dúas veces ao ano, e na que se fixarán os calendarios a partir do mes de outubro das convocatorias dos Plenos, se confeccionarán as ordes do día dos asuntos a tratar neles e se proporán as comisións de traballo que se consideren necesarias crear desde os distintos estamentos que están representados no Pleno. Continúa dicindo que nesa Comisión Permanente deben estar o presidente, o secretario, un representante do profesorado, un representante dos pais/nais e un representante do alumnado; polo que demanda se hai propostas para cada un deses sectores.

Tras un breve intercambio de opinións proponse como representante do profesorado ao director do IES do Milladoiro, don Víctor Santidrián Arias, como representante das ANPAS a dona Beatriz López Orgares, da ANPA do CEIP de Barouta, e como representante do alumnado a don Thiago Augusto Canedo Álvarez, alumno de 4º ESO do IES de Ames, aceptándose todas elas por unanimidade.

## b) Acordos:

### 1. Constitución do Pleno

Acórdase, por unanimidade, a constitución do Pleno cos seguintes membros:

#### **PRESIDENTE**

Don David Santomil Mosquera, titular da Concellería de Educación e Cultura do Concello de Ames

#### **SECRETARIO**

Don Domingo A. Alborés Alborés, funcionario do Concello de Ames

#### **VOGAIS**

## PROFESORADO PROPOSTO POR SINDICATOS OU ASOCIACIÓN PROFESIONAIS

### a) Ensino Público

Dona M<sup>a</sup> Carmen Liñares Liñares, profesora do CEIP Agro do Muíño, proposta por CIG

Dona M<sup>a</sup> Paz Peña Villamide, profesora do IES de Ames, proposta por CIG

Don Luciano Fernández Martínez, profesor do IES do Milladoiro, proposto por CIG

Dona Marta Michelena Rouco, profesora do IES do Milladoiro, proposta por CCOO

Don Diego Pérez Castro, profesor proposto polo STEG

### b) Ensino Privado

Dona M<sup>a</sup> Teresa Brea González, profesora do Colexio Alca

Dona Beatriz Dorado Martínez-Romillo, profesora do Colexio Alca

Dona M<sup>a</sup> Esther Emilia Souto Cambre, profesora do Colexio Alca

Dona Edelmira Riero Romero, profesora do Colexio Alca

## PAIS/NAIS DE ALUMNOS PROPOSTOS POLA FEDERACIÓN DE ANPAS

Don Sabino López Pertierra, da ANPA da EEI do Milladoiro

Don Manuel Veiga Figueroa, da ANPA da Galiña Azul do Milladoiro

Dona Beatriz López Orgales, da ANPA do CEIP de Barouta

Dona Isabel Valella Rodríguez, da ANPA do CEP de Ventín

Don Claudio Rodiño Caramés, da ANPA do IES de Ames

Dona Marina Castro Cerceda, da ANPA do IES de Milladoiro, ANPAMILLA

## ALUMNOS/AS ELIXIDOS/AS POLA REPRESENTACIÓN DO ALUMNADO

Dona Yarishell Sotelo Domínguez, alumna do IES do Milladoiro

Dona Natalia Reguera Sosa, alumna do IES do Milladoiro

Don Thiago Augusto Canedo Álvarez, alumno do IES de Ames

Don Javier Rouco Almuíña, alumno do IES de Ames

## REPRESENTANTES ELIXIDOS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Dona Beatriz López Seijo Directora da Escola Infantil Galiña Azul de Bertamiráns

Dona Sandra Dios Suárez, directora da Escola Infantil Municipal A Madalena do Milladoiro

Don Ramón Pérez Rey, director do CEIP Agro do Muíño

Don Alonso Barreiro Caxade, director do CEIP de Barouta

Dona Isabel Abelleira Bardanca, directora do CEIP a Maía

Don Alfredo Rodríguez Rodríguez Director do CEP de Ventín

Dona Ángeles Ferrón Novais, directora da EEI Milladoiro

Don Fausto Varela Durán, director do Colexio Alca

Don Víctor Santidrián Arias, director do IES Milladoiro

Dona Marisol Louro Lestón Directora do IES Ames

REPRESENTANTE NOMEADA POLA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA. XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.

Dona M<sup>a</sup> Carmen García Rodríguez, inspectora de educación

2. Constitución Comisión Permanente.

Acórdase, por unanimidade, a constitución da Comisión Permanente cos seguintes membros:

**PRESIDENTE**

Don David Santomil Mosquera, titular da Concellería de Educación e Cultura do Concello de Ames

**SECRETARIO**

Don Domingo A. Alborés Alborés, funcionario do Concello de Ames

**VOGAIS:**

Don Víctor Santidrián Arias, director do IES do Milladoiro, como representante do profesorado

Dona Beatriz López Orgares, da ANPA do CEIP de Barouta, como representante das ANPAS

Don Thiago Augusto Canedo Álvarez, alumno de 4º da ESO do IES de Ames, como representante do alumnado

3. Fixación convocatorias.

Acórdase, por unanimidade, que as convocatorias das sesións ordinarias dos Plenos e Comisións Permanentes se farán ao inicio e ao final do curso escolar, fixándose as primeiras para o inicio do vindeiro curso 2017/18, cara ao mes de outubro.

**2. Diagnóstico demográfico e territorial do Observatorio Municipal de Educación e Previsión de actuacións municipais no ámbito educativo para o curso escolar 2017-2018**

a) Debate:

Intervén o presidente informando que xa se adiantou por correo electrónico o estudo encargado polo Concello de Ames e elaborado pola Universidade de Santiago, que está publicado na páxina web (con documentos e cartografía) e que foi presentado no ano 2016 nun acto público da comunidade educativa e trasladado, coas conclusións, á Consellería de Educación da Xunta e á Inspección. Todo iso, co obxecto de que se fixese unha valoración que tivo como consecuencia a inclusión dun calendario de actuacións e previsión de actuacións en investimentos de varios centros escolares. Nese calendario incluíríanse a ampliación do IES de Ames en Bertamiráns, con dúas fases, ampliación do CEIP Agro do Muíño de Bertamiráns, e o compromiso do Concello de facilitar a dispoñibilidade de terreos para un futuro CEIP no Milladoiro, así como un acordo do Concello de asumir os custos de ampliación do CEIP de Barouta, optando finalmente pola creación dunha sala de usos múltiples que está previsto executar xa neste verán.

Tamén informa que, en relación con este plan de actuacións, o concello está a elaborar un plan especial urbanístico para que a parcela de 10.000 m<sup>2</sup> situada ao carón do IES de Ames, quede cualificada para dotación escolar ou de uso público para futuras ampliacións do IES; estando prevista e incluída nos orzamentos a adquisición, co fin de cedela á Xunta de Galicia en previsión de futuras ampliacións, posto que para as dúas fases previstas non se require o uso de novos terreos. En canto ao CEIP de Agro do Muíño estase rematando a construción da primeira fase que inclúe a incorporación de tres novas aulas e, para as seis restantes, requírese tamén a modificación do plan de urbanismo, máis concretamente coa modificación dun plan parcial para que unha zona que está pegada ao centro se cualifique como de uso dotacional. No que se refire á proposta da Xunta de Galicia do ano 2012 sobre a necesidade dun novo CEIP no Milladoiro, o Concello avanzou no 2012 e 2013 na elaboración dun plan especial para dotación de infraestruturas educativas que está aprobado na sesión plenaria do 27 de decembro do ano 2012, en tramite para os outros dous centros, pero que no caso do futuro centro do Milladoiro está resolto o planeamento ao estar incluída no plan especial de dotacións a parcela prevista; polo que unicamente falta a dispoñibilidade dos terreos e, mañá mesmo, iníciase unha rolda de contactos cos propietarios desas parcelas para iniciar o proceso de expropiación.

Ante a demanda da situación desa parcela, mostra a documentación onde se indica que a parcela está situada máis alá da casa da cultura e do pavillón, seguindo unha rúa nova aberta por detrás do IES, que vai desembocar na estrada de Ventín, e xusto a continuación do sector que se coñece coma Galdrachán e que está sen desenvolver. Finalmente indica que dita parcela ten unha superficie de 20.200 metros cadrados, o que permitiría a construción dun novo CEIP

grande e reitera que xa ten aprobado un plan especial, faltando unicamente a titularidade dos terreos.

Polos asistentes demándase coñecer como sería o proceso, especialmente se continuaría en funcionamento a escola infantil ou se se trasladaría todo para o novo centro, ao que o concelleiro responde que é moi pronto para coñecer os detalles e fai un breve repaso á cronoloxía dos feitos. Di que no seu momento, e dadas as necesidades de prazas no Milladoiro, a Xunta de Galicia fixo esa proposta, pero ao non terse iniciado o proceso de expropiación ou permuta cos propietarios, entende que se optou pola ampliación do colexio de Ventín co fin de dar unha resposta inmediata ás necesidades. A pesar diso queda claro que foi unha solución temporal e que, en todo caso, require unha nova actuación que inclúa a construción dun colexio propio para O Milladoiro con infantil e primaria. Segundo contemplaba o estudo demográfico, trataríase de aliviar a ratio do colexio de Ventín ou de integrar a escola infantil do Milladoiro dentro do propio CEIP, aínda que iso parece difícil tendo en conta o continuo crecemento da demanda de prazas nesta localidade.

Ábrese debate sobre prazos e necesidades xeradas polo crecemento demográfico, demandase solventar necesidades inmediatas para as que non chegaría a tempo a construción do novo centro. O presidente di que para esas posibles solucións temporais se está a expensas do que decida a Xunta de Galicia, por ser da súa competencia e non da do Concello. O Concello só pode comunicar eses problemas e a realidade demográfica, así como poñer terreos e medios a disposición da Xunta. De feito, continúa dicindo, xa se fixo coa comunicación do estudo demográfico e continuarase a facer enviando desde o Consello Escolar, como nova ferramenta de participación e consultiva, os escritos remitidos o 24 de abril pola ANPA do CEIP A Maía e o 27 de abril pola ANPA de Ventín; así como o informe elaborado por varias ANPAS o 9 de maio sobre estas e outras cuestións. Reitera, no obstante, que as competencias do Concello limitáanse ao mantemento e ás reparacións, subministro e vixilancia de infraestruturas; así como, o máis importante de todo, poñer a disposición da Xunta de Galicia as parcelas necesarias para a construción dos equipamentos.

Unha asistente indica que, na reunión celebrada entre as ANPAS, entenderon que a parcela para a ampliación do IES de Ames xa estaba adquirida e, vendo que nesta reunión se está a dicir que non, demanda cales serán os prazos estimados e actuacións previstas para adquisición deses terreos, xa que precisarían ter esa información para saber o que esixirle á Xunta. Responde o presidente que pode haber un malentendido

sobre a cuestión da adquisición dos terreos e que, de feito, xa o observou no escrito presentado conxuntamente polas ANPAS. Di que hai un acordo previo para a adquisición da parcela polo sistema de compravenda e que para mercala fai falla unha dotación no orzamento municipal. Intervén a concelleira de economía, presente no Consello como convidada, afirmando que o día 12 remata o prazo de presentación de alegacións contra o orzamento e que, de haber alegacións, aínda habería que estimalas ou desestimalas antes da súa aprobación para cumprir cos trámites administrativos obrigatorios; pero que, en calquera caso, está incluída neses orzamentos unha partida para a adquisición desa parcela. Continúa dicindo o presidente que, neste caso, non só está a adquisición dos terreos, senón que, á marxe do requirimento da titularidade dos terreos, tamén é precisa a figura do planeamento que permita destinar eses terreos a un uso determinado. Non obstante, aclara, para a segunda fase non se precisan eses terreos, só farían falta para unha terceira e unha posible cuarta fase.

Intervén novamente unha representante da ANPA para demandar se esa segunda fase da que se fala consistirá unicamente no desmantelamento do salón de actos para habilitar máis aulas. Responde o presidente dicindo que na primeira fase fixéronse tres aulas e a cuberta do patio interior e que, conforme se indica no proxecto, nesa segunda fase non só se contempla a utilización do salón de actos para poñer nel aulas, senón que tamén se prevé a construción na parte exterior, no que era unha das pistas deportivas, dun módulo no que irá o salón de actos e outras aulas como a de usos múltiples. Logo, para unha terceira ou cuarta fase, que están sen definir pero nas que se podería contemplar un novo módulo ou mesmo un novo instituto, centro de F.P. ou polideportivo, posiblemente faría falta poñer a disposición da Xunta novos terreos, pero para a segunda non.

O presidente fai finalmente un repaso das actuacións nas que se está a traballar, indicando que no caso do CEIP do Milladoiro, se iniciou agora o proceso de expropiación para facerse coa titularidade dos terreos, porque a nivel de planeamento xa está resolto. O caso do IES de Bertamiráns require un plan especial para transformar un solo rústico nun de uso dotacional, igual que no caso da parcela que está ao lado do CEIP de Agro do Muíño, que figura como zona verde e haberá que facer unha permuta con outra zona verde na propia urbanización para, posteriormente, transformar a súa cualificación e deixala como de uso dotacional, axustando ese uso ao que se pretenda facer. Posteriormente, di, haberá que poñer os terreos a disposición da Xunta de Galicia, no caso de infantil e primaria, e ceder completamente os terreos á Xunta no caso de secundaria. Pola súa parte, no caso de Barouta, está contemplado nos orzamentos o financiamento da obra que se realizará xa neste verán, cunha dotación de 60.000 euros para a creación da aula de usos múltiples, á marxe da parcela que haberá que adquirir coa dotación nos novos orzamentos de 70.000 euros. No caso do novo CEIP do Milladoiro, é



preciso dotar no orzamento unha partida para o proceso de expropiación; un proceso necesario inicialmente polo feito de haber dous propietarios descoñecidos, aínda que logo, durante a tramitación do expediente, se poidan contemplar outras opcións como a compravenda e a permuta. Esa dotación orzamentaria require previamente a venda doutras parcelas de titularidade municipal para financiar a adquisición deses terreos, fixándose como unha cuestión de máxima prioridade.

Rematado o resumo, o presidente expón a necesidade de adoptar un acordo por parte do Pleno do Consello Escolar Municipal de Ames, de solicitude á Xunta de Galicia da sinatura dun acordo ou convenio para a posta a disposición das parcelas das que se estivo a falar. Di que hai un compromiso verbal e político, pero considera que debería existir un documento asinado que garanta que a merca de terreos vaia unida a un compromiso orzamentario por parte da Xunta de Galicia; adiantando que o Concello o faría de tódolos xeitos pero que, aínda así, o Goberno entende que isto debe ser algo acordado entre as partes para que unha vez adquiridas as parcelas a Xunta realice automaticamente unha dotación orzamentaria. O acordo proposto, que se somete á votación de todos os membros do Consello, sería, en definitiva, o de remitir á Xunta de Galicia os escritos achegados polas ANPAS e o estudo demográfico, solicitando a sinatura dun convenio ou acordo co obxecto de formalizar un compromiso orzamentario para todas esas previsións que, por outra banda, xa foron manifestadas no seu día na reunións mantidas coa Xefatura Territorial e mesmo coa Secretaría Xeral e co propio Conselleiro.

Intervén don Alonso Barreiro Caxade, director do CEIP de Barouta, anunciando que vai presentar unha proposta sobre o CEIP de Barouta. Comeza dicindo que desde o curso 2017/18 nunca máis van poder recoller o alumnado da escola unitaria de Covas, un centro adscrito ao CEIP, e considera que ese feito se pode considerar como un drama social e municipal que contradí os programas de desenvolvemento rural. Di que é unha certeza que o centro de Barouta vai perder a adscrición desa escola unitaria porque, cando está a piques de formalizar as listas de admisión de alumnos, resulta que nos cursos de 4º, 5º e 6º de educación infantil contan con 25 alumnos/as por aula, polo que non poden absorber o alumnado da unitaria. Non saben se poderá entrar alguén dese centro adscrito ata o curso 2020/21. Engade que teñen agora mesmo tres aulas desdobladas, é dicir: media liña en dúas, e un curso por riba da ratio, co que conclúe que deberían ter catro aulas desdobladas. A maiores, vai acontecer que cinco persoas da área de influencia de Barouta, que viven en Tapia, Piñeiro, Pedras, etc, non van poder entrar no centro este ano.

Conclúe que, sumando as catro unidades que debería ter desdobradas e que non poden desdobrar máis porque non hai espazo no centro, as tres unidades que non van dar cabida á solicitude de adscrición da unitaria e as cinco persoas da área de influencia que van quedar fóra, entende que desde o Consello habería que aprobar unha proposta que podería pasar por unha conversión parcial ou completa de Barouta nunha liña dúas; un feito que podería solucionar incluso problemas a nivel municipal, xa que se está derivando a ese centro alumnado doutras áreas do Concello.

Ábrese, por parte dos asistentes, un breve debate sobre a necesidade de solicitar ou non a sinatura do acordo ou convenio, aclarando por parte da presidencia que a importancia dese acordo radica tanto na necesidade do Concello de xustificar todas as actuacións previas necesarias (adquisición e permuta de terreos, dotacións orzamentarias e modificacións de planeamento) como de blindar eses compromisos cara a futuros gobernos, tanto municipais como da Xunta de Galicia, e futuras representacións dos colectivos que compoñen este Consello; sobre todo, tendo en conta que algúns deses trámites e procedementos levarán moito tempo.

Así mesmo solicítase información sobre se os terreos que se van ceder para o CEIP do Milladoiro, serán o suficientemente amplos para as necesidades que poida haber durante os vindeiros anos, debido ao aumento que se está experimentando nas ratios de alumnados durante os últimos cursos e a cantidade de nenos/as do Milladoiro que están indo a estudar a Santiago. Responde o presidente que semella que a superficie sería válida, xa que a Xunta solicitaba 12.000 para un centro de liña 3 e estase a falar de máis do dobre da parcela de 8.000 m<sup>2</sup> na que está agora o instituto e todo o resto de instalacións, incluído o pavillón e a Casa da Cultura. Di que o importante é atender á necesidade de facer xestións no solo, porque se non se desatascan primeiro as cuestións urbanísticas será difícil reordenar o mapa escolar. Afirma que a ausencia dunha ordenación concreta derivou en que alumnado dunha área de influencia tivera que ir a outros centros, como é o caso de Barouta, xa que era imposible facer novas infraestruturas sen dispoñer de terreos aptos para iso. Considera finalmente que, coa posta a disposición de 10.000 m<sup>2</sup> en Bertamiráns, 2.000 ou 3.000 na contorna do Agro do Muiño e os 20.000 do Milladoiro, será posible dimensionar todo o mapa escolar e reestruturalo coas áreas de influencia máis axeitadas, para volver, falando de xeito coloquial, todo ao seu sitio.

Ábrese novamente debate sobre o problema do CEIP de Barouta, manifestándose por parte dos representantes do centro que, coas solucións propostas, consideran que os problemas dese CEIP van seguir existindo, especialmente no que atinxe ao cambio de nenos/as da súa zona de influencia. Responde o presidente que non tería que ser así unha vez que se completen os ciclos de escolarización; que, por exemplo, cunha nova reestruturación de zonas de

influencia, a parroquia de Covas (unha das que máis está a medrar) podería pasar a pertencer á zona de influencia de Bertamiráns, desde o punto de vista da Inspección Educativa.

Expón o director do Centro que cambiar de zona de influencia lugares como Ventosa, cunha das urbanizacións máis grandes do Concello, podería supoñer un drama para algunhas familias e que, aínda obviando o que pensen as familias, se o ano que vén non entra no colexio de Barouta o alumnado de Capeáns, Lombao, Ventosa, etc, ata dentro de nove anos non haberá irmáns/ás de calquera dese lugares. Continúa dicindo que, para quen non coñeza a realidade dese centro, hai que aclarar que desde hai catro anos Barouta perdeu dependencias e, pola contra, pasou a contar con 270 alumnos/as cando é un centro dimensionado para 170-190 alumnos/as; isto supón que experimentou un incremento de 100 persoas a pesar de perder unha dependencia tan importante como a sala de usos múltiples, en favor do comedor escolar. Di que, polo tanto, o gasto que agora se vai facer é para recuperar unha dependencia que xa existía, non para facer unha nova aula dedicada á escolarización propiamente dita que poida supoñer un avance cara a creación dunha liña 2.

Aclara o presidente que isto xa se lle trasladou á Comisión de Escolarización da Xunta, que responderon que consideraban pouco xustificable a ampliación do centro de Barouta habendo prazas libres noutro centro do Concello, o CEIP a Maía. Responde o director do centro de Barouta que considera un impacto ambiental e ecolóxico sobre o desenvolvemento rural, o feito de que haberá dous/as ou tres nenos/as de Tapia, Piñeiro ou Pedras que se desprazarán aproximadamente 10 quilómetros en transporte individual, pasando por diante do centro, e que se cruzarán con autobuses que veñen de Buceleiras para levar un total de 60 persoas ao colexio de Barouta; polo que considera que desde este Consello Escolar se debería trasladar esta situación.

Remado o debate o presidente solicita que se concrete esa solicitude a incluír no acordo que se vai trasladar á Xunta, coa proposta dos asistentes de incluír unha solicitude á Xunta para que realicen unha valoración sobre a posibilidade de que o CEIP de Barouta pase a ser liña 2 en primaria, contando con tres unidades máis. Con isto conseguiríase absorber ao alumnado da unitaria, solucionar as carencias do centro e mesmo aliviar a presión municipal, continuando co transporte dos irmáns do alumnado doutras zonas do Concello que están asistindo actualmente ao centro.

### b) Acordos:

- 1.- Remitir escritos achegados polas ANPAS e o estudo demográfico municipal
- 2.- Solicitar a sinatura dun acordo ou convenio para a cesión e posta a disposición das parcelas nomeadas para os centros do IES de Ames, Agro do Muíño e CEIP do Milladorio, coa formalización por parte da Xunta de Galicia dun compromiso orzamentario para todas esas previsións
- 3.- Solicitar da Xunta de Galicia a valoración da posibilidade de que o CEIP de Barouta pase a ser liña 2 en primaria

### **3. Rogos e preguntas**

Por un asistente demándase información sobre unha serie de enquisas que se acordou de mandar na última reunión coas ANPAS, para valorar un tema das escolas unitarias, catering e habilitación dun espazo no IES de Ames para comedor escolar.

Responde o presidente que de momento a enquisa está feita nas catro escolas infantís e tamén nas dúas unitarias, estando actualmente pendente de facer o proceso de filtrado de datos. Considera que en maio ou principios de xuño, poderán incorporar os datos aos documentos que hai no Observatorio Municipal de Educación. Manifesta, así mesmo, que a enquisa de secundaria aínda non se comezou a facer.

Ábrese debate sobre a necesidade de seguir, e mesmo acelerar, os procesos acordados e falados na comisión, como trámites de xestións e convenios urbanísticos, expropiacións e adquisicións de parcelas, remisión de escritos á Xunta de Galicia, etc.

O Presidente suxire, para a vindeira reunión da Comisión Permanente, a proposta de creación dunha comisión de traballo sobre o seguimento das actuacións, para saber en que fase está cada unha delas, confeccionando un calendario específico. Esa comisión sería convocada a principio de curso.

E, non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente deu por rematado o acto, levantando a sesión ás 20:30 horas do día 11 de maio de 2017